

A CARA B | **PILAR ROJO** PRESIDENTA DO PARLAMENTO DE GALICIA

Por Nacho Mirás Fole | nacho.miras@lavoz.es

## «Hai liñas que non se deben cruzar»

Ten un papel complicado de pacificadora nunha Cámara na que saltan chispas; e pensa que non hai que levar os debates políticos ao terreo persoal

Andan as augas revoltas no Parlamento de Galicia. Pilar Rojo Noguera (A Coruña, 1960), chegada hai nada á presidencia da institución, enfróntase a unha tesitura complicada, pero, aínda así, terá que poñer paz na casa da palabra.

—¿Que está a pasar aquí dentro? A xente está sorprendida...

—Non me estraña. É un pouco inaudito que, nun comezo, as cousas estean así. Os ánimos están acesos, foi un principio de lexislatura con moitas cousas. Hai unha nova situación, os grupos teñen que adaptarse a esa nova situación e, concretamente, hai dous grupos que tiveron procesos internos de partido obcecados. Confío en que as cousas volvan á normalidade, a ver se á volta das vacacións de verán, con algún baño no mar, a praia [sorri]...

—Chamou vostede a capítulo aos portavoces...

—É a miña obriga. Non son amiga de rifas, nunca me gustaron, tampouco na miña etapa de deputada. Non son unha persoa de disputa-rifa. Un ten que dicir o que pensa, pero hai liñas que non se deben cruzar. Todos temos que facer autocrítica e volver á normalidade.

—¿Cústalle á oposición asumir a nova realidade?

—A adaptación pode custar un pouco máis cando non se contaba coa situación, pode que os collera co pé cambiado.

—E nas rifas, a árbitra sae prexudicada...

—¡Sempre hai alguén a quen botarlle a culpa! [sorri]. Pero a miña obriga é moderar os plenos. Eu teño unha responsabilidade como presidenta, pero tamén todos e cada un dos deputados, temos que saber cal é o noso papel e onde estamos. Alá cada quen coas súas actitudes.



Pilar Rojo, na biblioteca do Parlamento de Galicia | XOÁN A. SOLER

—Os galegos pagámoslles para que discutan. Logo ¿por que abandonan a Cámara?

—O que é inaudito é que, na casa da palabra, onde todos temos que falar, non se poda falar. E, sobre todo, creo que o último que ten que facer un deputado é abandonar un hemiciclo, iso é moi grave.

—¿Non bota de menos un pouco de sentido do humor nos políticos? Non quero dicir que se teñan que rir de cousas serias, pero algo de normalidade, bo rollo...

—Estou convencida. Hai que poñer distancia nas cousas. Eu non me tomo o que pasou no pleno de xeito persoal, un ten que saber cal é o seu sitio e que representa. Encantoume a intervención de Modesto Pose, o deputado socialista, que falaba de poesía, de cousas interesantes... Nos debates, en xe-

ral, perdemos o nivel intelectual porque baixamos a outras cousas. Cando un deputado fala cun certo sentido do humor, de poesía, con citas... escoitámolo todos doutro xeito. Hai que quitar ferro, os debates son políticos, non persoais. Ou viviríamos amargados. Cando faltan argumentos é cando comezan os ataques, iso dáme moitísima mágoa, na política non vale todo.

—¿Non faría falta unha escola de oradores?

—Hai países non que se estudia, pareceríame estupendo. En sitios como Inglaterra non só saen boísimos actores de teatro, senón que os que se dedican á política non teñen problema en falar en público. Na escola habería que aprender a falar en público.

—¿Vostede xa se da a volta cando lle din ¡Presiden-

ta! ou aínda non se meteu no papel?

—Si, pero a min gústame que me chamen Pilar.

—¿Aquí tamén fan labor de recolocación de mobles e decoración, como na Casa Branca?

—Sempre lle das un toque persoal, pero mínimo. Teño que poñer aquí, no despacho, un estante para libros; igual cambio ás Súas Maxestades de sitio, espero que non lles importe [ri]. Pero a miña prioridade non é cambiar os cadros. O que si me preocupa é ver que as necesidades do persoal están cubertas. Pararse na decoración é unha frivolidade. Eu estou aquí de prestado.

—¿Non se lle fai pesado ir e vir a Pontevedra?

—Xa teño costume. Érgome entre sete e sete e media, procuro estar cara ás nove aquí.

—Almorzará...

—Ducha e café rápido. Almorzo ao chegar. No coche lle algún papel ou a prensa do día. Fago moito traballo de despacho, comida rápida, non son de moito comer e chego á casa tarde.

—E a vida familiar resétese...

—Iso preocúpame moito. Teño fillos en idades complicadas e, ás veces, esquecémonos de que temos familia, e iso é algo que non quero esquecer baixo ningún concepto. Teño unha filla de dezasete e un de trece.

—Terán moitas cousas das que falar...

—Moito. Cando non estou tentado que o teléfono sexa unha prolongación, pero non é o mesmo. Cando eran máis pequenos, se estaba nunha reunión na consellería e chamaban eles, pedía perdón, saía e falaba con eles. Os fillos teñen que estar por diante do traballo. Preocúpame, porque sei que non estou con eles tanto como debería, iso dóeme.